Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Ribadumia

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1507(31094) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Rodeiro

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1508(31095) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Salceda de Caselas

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1509(31096) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Salvaterra de Miño

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1510(31097) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Sanxenxo

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1511(31099) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Silleda

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1512(31100) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Soutomaior

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1513(31101) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Tomiño

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1514(31102) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Tui

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1515(31103) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Valga

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1516(31104) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Vigo

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1517(31105) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Vila de Cruces

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1518(31106) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Vilaboa

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1519(31107) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Vilagarcía de Arousa

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1520(31108) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Vilanova de Arousa

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-1521(31109) (41529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no concello de Cervo

BOPG núm. 224, do 04.05.2010

- 08/3PRE-2020(31960) (41519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e 2 deputados máis

Sobre as medidas previstas pola Consellería de Sanidade para solucionar os problemas que teñen os pacientes do Hospital Cíes de Vigo para unha operación de retina

BOPG núm. 229, do 11.05.2010

- 08/3PRE-2411(32591) (41520)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre as previsións de efectiva incorporación da lingua galega á sanidade pública e privada

BOPG núm. 233, do 19.05.2010

- 08/3PRE-2423(32647) (41521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre o peche de camas no verán no Hospital de Conxo

BOPG núm. 233, do 19.05.2010

- 08/3PRE-2628(32970) (41522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier e 2 deputados máis

Sobre a incidencia nos orzamentos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e nos organismos dependentes dela, da redución de douscentos millóns de euros nos orzamentos do ano 2010 anunciada pola Xunta da Galicia

BOPG núm. 235, do 21.05.2010

- 08/3PRE-3322(34300) (41523)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre a valoración da Xunta de Galicia dos datos relativos ao cumprimento en Galicia do Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012 e as medidas previstas ao respecto

BOPG núm. 239, do 27.05.2010

- 08/3PRE-3328(34343) (41524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre a repercusión na comarca do Deza da eliminación das unidades móbiles do programa de prevención do cancro de mama

BOPG núm. 240, do 28.03.2010

- 08/3PRE-3817(34990) (40895)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a discriminación do ensino público da comarca de Ferrolterra na selección de centros para participar no proxecto Abalar

BOPG núm. 245, do 04.06.2010

- 08/3PRE-4351(35695) (41525)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a situación do centro de atención e discapacidade Souto de Leixa

BOPG núm. 248, do 09.06.2010

- 08/3PRE-4545(35997) (41526)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre a data de entrega das vivendas de protección oficial construídas en Xarás, no concello de Ribeira

BOPG núm. 250, do 11.06.2010

- 08/3PRE-4900(36393) (40898)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a detección de verteduras contaminantes en Portonovo e as medidas que se van adoptar por ese motivo

BOPG núm. 252, do 15.06.2010

- 08/3PRE-4902(36395) (41527)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre as medidas que se van adoptar para garantir a retidada de mamíferos mariños varados no litoral galego

BOPG núm. 252, do 15.06.2010

- 08/3PRE-5305(37311) (41528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Suárez Canal, Alfredo

Sobre a actuación do Goberno galego en relación coa construción dunha planta de tratamento de refugallos da construción na comarca da Limia

BOPG núm. 256, do 21.06.2010



Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2010

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º



SB/mv



En relación coas preguntas con resposta escrita **núm. 30784 a 30879, 30888 a 30902, 30904 a 30906, 30908 a 31025, 31027 a 31050, 31060 a 31065, 31067 a 31097 e 31099 a 31109**, formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce, sobre **"as entidades sociais que recibiron subvencións, axudas ou colaboración da Consellería de Traballo e Benestar nos concellos de Galicia"**, (publicadas nos BOPG nºs 223 e 224 do ano 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

- "DOG Nº 56, do 24 de marzo de 2010: Resolución do 26 de febreiro de 2010 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 6 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases que rexen as axudas para adquisición de equipamento e actividades programadas por asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude.
- DOG Nº 248, do 22 de decembro de 2009: Resolución do 13 de novembro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais.
- DOG Nº 97, do 25 de maio de 2010: Resolución do 20 de abril de 2010 pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 9 de marzo de 2009, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan as axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social.



- DOG Nº 84, do 5 de maio de 2010: Resolución do 29 de marzo de 2010 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 3 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria, modificada pola Orde do 2 de novembro de 2009.
- DOG Nº 108 do 9 de xuño de 2010: Resolución do 3 de xuño de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se lle dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos nas áreas de traballo e benestar no ano 2009.
- DOG nº 59, do 29 de marzo de 2010: Resolución do 22 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria (Diario Oficial de Galicia número 7, do 12 de xaneiro de 2009)-programas de cooperación con entidades locais: subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.
- DOG Nº 59, do 29 de marzo de 2010: Resolución do 23 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria (Diario Oficial




de Galicia número 7, do 12 de xaneiro de 2009)-programas de cooperación con administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro: subvencións para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio.

- DOG Nº 143 do 23 de xullo de 2009: Axudas a entidades para actividades de prevención de riscos laborais.
- DOG Nº 200, do 13 de outubro de 2009: Axudas a asociacións de cooperativas.
- DOG Nº 53, do 18 de marzo de 2010: Axudas ás centrais sindicais."



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 31960**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e varios/as deputados/as máis, sobre **"as medidas previstas pola Consellería de Sanidade para solucionar os problemas que teñen os pacientes do Hospital Cíes de Vigo para unha operación de retina"**, (publicada no BOPG núm.: 229, do 11 de maio do 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os procedementos mencionados están incluídos na lista de espera segundo a lexislación vixente e son xestionados seguindo a prioridade asignada en cada caso.

En calquera lugar, os pacientes que teñen establecida prioridade 1 non esperan máis de 30 días, agás a xustificación motivada xa que tal e como está establecido, na fase de programación cirúrxica a selección de pacientes outorgará preferencia absoluta aos que es estean no rexistro de espera con prioridade 1. O tipo de patoloxía, as necesidades terapéuticas e a antigüidade do paciente no rexistro, determinarán a orde de citación."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




XACOBEO 2010
Galicia



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto García
h

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 32591**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"as previsións de efectiva incorporación da lingua galega á sanidade pública e privada"**, (publicada no BOPG núm.: 233, do 19 de maio do 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Dende hai varios anos a Consellería de Sanidade ven realizando diversas acción que teñen como finalidade incrementar a presenza da lingua galega nos centros, Servizos e establecementos do Servizo Galego de Saúde.

Neste contexto, mantén a súa vixencia a Instrución sobre o emprego da lingua galega nos documentos da Consellería e das entidades e organismos adscritos, na que se dispón o uso do galego nas comunicacións escritas, orixinais e normalizadas. Obriga que se estende ás publicacións, documentos informativos, carteis, folletos e/ou boletíns elaborados por estas entidades.

Por tanto a situación da lingua galega no ámbito sanitario reflexa o impulso positivo que desde a Consellería se está a realizar para consolidar e mesmo incrementar o uso do idioma entre o persoal sanitario.



A Consellería de Sanidade está mantendo un criterio aberto en canto á utilización do idioma galego nos centros e establecementos sanitarios. Iso significa a realización dun gran esforzo por dotar a todo o sistema de ferramentas lingüísticas que apoien e faciliten a normalización do uso da lingua galega.

Bo exemplo do mesmo é a edición de manuais técnicos editados en lingua galega o que supón dar un paso adiante na introdución do idioma en determinados ámbitos que pola dificultade técnica non son fáciles de abordar.

Coa incorporación destas medidas van desaparecendo os atrancos que facían difícil o acceso ao idioma co pretexto do uso da linguaxe técnica nese ámbito.

A lingua galega é un patrimonio cultural que representa un valor fundamental de cohesión da comunidade. Debe ser obxecto de especial respecto e protección e neste senso os poderes públicos de Galicia deben potenciar o seu uso en todos os ámbitos da vida pública.

A Consellería de Sanidade vai a seguir mantendo, e potenciando nos casos en que se estime necesario, os criterios existentes neste momento de cara á normalización do uso do idioma galego.

A edición de libros, estudos técnicos, proxectos, dípticos, trípticos, etc, e outra material impreso ou de publicación electrónica, en lingua galega, acada mais do noventa por cento do total realizado pola Consellería e as entidades adscritas.

Por outra parte, as ferramentas electrónicas que o permiten van a dispor da posibilidade de uso tanto do idioma galego coma do castelán.



Iguamente a información de Saúde ou de procedementos que se realiza polo centros, Servizos e establecementos sanitarios está redactada na súa gran maioría en lingua galega.

A Lei de normalización lingüística sinala que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa administración, da administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. A continuación, no apartado seguinte, di, tamén o é o castelán, como lingua oficial do Estado.

Este é o marco normativo no que desenvolven as súas actividades todos os altos cargos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

E este é o camiño que vai a seguir a Consellería de Sanidade na súa relación cos cidadáns, respecto e protección do idioma galego, así como impulso e potenciación cando sexa necesario, dentro do respecto absoluto da legalidade vixente.”



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 32647**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"o peche de camas no verán no Hospital de Conxo"**, (publicada no BOPG núm.: 233, do 19 de maio do 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A reordenación na utilización de camas de unidades de hospitalización no período estival é un feito comunmente realizado e aceptado en calquera sistema de saúde, tanto nacional coma internacional. Os motivos para levar a cabo esta actuación son variados sendo o primeiro factor condicionante as vacacións do persoal das institucións sanitarias. Ao igual que acontece en calquera ámbito profesional ou laboral, o período estival é o máis demandado polo persoal para o desfrute das súas vacacións.

No verán, todos os hospitais reorganizan áreas e controis de hospitalización para que o maior número de persoal poda tomar as súas vacacións nestas datas sen que elo repercuta na asistencia que se presta, e acorde cunha detallada planificación.

Toda a reordenación de camas faise en función da evolución dos ingresos e da actividade cirúrxica e non supón un efecto directo sobre as listas de espera, xa que a actividade cirúrxica axústase en función da actividade



asistencial e esta ten unha serie de factores condicionantes no período estival, algúns deles facilmente contrastables.

Nos meses de verán diminúe a morbilidade de determinadas enfermidades de claro impacto estacional (gripe, enfermidades respiratorias...) o que conleva unha diminución nos ingresos hospitalarios.

Todas estas circunstancias fan do verán, o momento idóneo para levar a cabo obras de mantemento e conservación e así se está a facer no hospital de Conxo que estamos a aproveitar para facer as obras de reparación das fachadas e a substitución de ventás.

De todos os xeitos, as urxencias e a atención preferente ou que non admita demora non se ven afectadas no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e, dado que as necesidades derivadas da atención aos peregrinos enmarcaríase en todo caso neste tipo de atención e nunca na atención programada, dita atención estará sempre garantida e axustarase ás necesidades."



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 32970**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Fernando Xabier Blanco Álvarez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a incidencia nos orzamentos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e nos organismos dependentes dela, da redución de douscentos millóns de euros nos orzamentos do ano 2010 anunciada pola Xunta da Galicia”**, (publicada no BOPG núm.: 235, do 21 de maio do 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia veuse obrigada, polas esixencias do Goberno central, a reducir en 200 millóns o seu orzamento de 2010, de xeito que baixou nun 2 por cento respecto ao aprobado polo Parlamento de Galicia –que xa estivo condicionado pola crise económica-.

A maior parte do axuste orzamentario o levan as consellerías que non prestan os servizos públicos básicos, aínda que hai excepcións (entre elas, igualdade, xustiza, emigración...)

O recorte orzamentario imposto polo Goberno central do PSOE, que fai pagar ás Comunidades Autónomas os erros derivados da súa mala xestión, representou un 0,3 por cento para a Consellería de Educación e Ordenación



Universitaria. Con todo, estes axustes recaeron fundamentalmente sobre gastos correntes, nos que se aplicou a austeridade.


Froito dunha xestión eficiente, logrouse unha diminución do 7 por cento sobre o importe correspondente ao custe do transporte escolar do ano 2009. Este aforro conseguiuase grazas ás negociacións cos transportistas e contribúe a neutralizar o recorte fixado para a Consellería.

O axuste fixado para a Consellería sitúase nos algo máis de 8,2 millóns de euros, dos que 2,5 millóns corresponden ao aforro acadado no apartado de transporte escolar, máis de medio millón polas rebaixas de xestión no capítulo II e case un millón por rebaixas no concepto presupostario 640 destinado a outro inmovilizado non inmaterial.”



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García
h

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 34300**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Isabel Sánchez Montenegro, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia dos datos relativos ao cumprimento en Galicia do Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012 e as medidas previstas ao respecto"**, (publicada no BOPG núm.: 239, do 27 de maio do 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Os datos de cumprimento do Plan de Vivenda en 2009 son moito mellores do que cabería agardar, dado que no final da anterior lexislatura quedou todo por facer en relación co dito Plan, de maneira que foi a partir do mes de maio cando a actual Consellería competente na materia se encargou de negociar o convenio co Ministerio de Vivenda, redactar e aprobar o Decreto que regula o plan en Galicia e botalo a andar. O desleixo no fin da lexislatura anterior levou a que Galicia fora a penúltima Comunidade en asinar o convenio co Ministerio, só por diante de Asturias. Malia iso, Galicia foi a quinta comunidade que máis actuacións financiou en 2009 con cargo ao Plan de Vivenda (8.871), só por detrás de Cataluña, Andalucía, Comunidade Valenciana e Castela e León. En cuestións como a rehabilitación, áreas de rehabilitación e axudas a adquirentes de vivendas usadas, Galicia sitúase no cuarto lugar por número de actuacións



financiadas.

Estas cifras absolutas amosan que o sistema empregado polo Ministerio de Vivenda na última bilateral celebrada en Madrid, na que só se ofreceron porcentaxes, leva á confusión e a unha interpretación errónea da realidade. O emprego exclusivo de porcentaxes resulta enganoso cando hai Comunidades con obxectivos moi baixos, polo que superalos e acadar unha alta porcentaxe de cumprimento resulta sinxelo.

Por outra parte, na exposición de motivos da pregunta relaciónanse os datos de seguimento do Plan de Vivenda coa licitación de vivendas de promoción pública, sen que exista relación entre ambos, xa que as vivendas protexidas amparadas polo Plan de Vivenda son de promoción privada. A promoción pública, que na etapa anterior se abandonou, limitándose a continuar coas actuacións que xa estaban en marcha, finánciase con fondos propios da Xunta de Galicia.

Resulta evidente que as porcentaxes ofrecidas polo Ministerio de Vivenda non dan unha visión certa da realidade e leva a moitos a engano. Como xa se dixo, Galicia foi a quinta Comunidade en número de actuacións financiadas o ano pasado. Comunidades que, segundo o Ministerio, acadaron unha porcentaxe superior á de Galicia realizaron moitas menos actuacións. E ao final o que importa é o número de actuacións realizadas, e niso Galicia foi a quinta comunidade, ocupando exactamente o lugar que lle corresponde por poboación e peso no conxunto de comunidades integradas no Plan de Vivenda.

Hai que lembrar que as vivendas acollidas ao Plan de Vivenda son construídas por promotores privados. E se non realizaron máis actuacións foi, entre outros motivos, porque o mercado da vivenda está moio ralentizado e existen dificultades de acceso ao financiamento, tanto para os promotores como para os adquirentes.



A Xunta non pode executar os fondos do Plan de Vivenda licitando obras, polo que resulta inapropiado especular con posibles postos de traballo.

A diferenza do ano 2009, no que como se dixo Galicia foi a penúltima comunidade autónoma en asinar o convenio co Ministerio de Vivenda porque no fin da pasada lexislatura non se fixo nada respecto do dito Plan, nos meses transcorridos desde a aprobación e publicación do mesmo no BOE e o cambio de goberno, en 2010 Galicia está en igualdade de condicións co resto de comunidades autónomas, polo que os datos de cumprimento van mellorar de maneira substancial, especialmente no que se refire á porcentaxe de actuacións financiadas respecto dos obxectivos.

Desde a Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, continuarase a poñer os medios para que se incrementen as actuacións realizadas e a comunidade galega volva a ser líder en cumprimento do Plan de Vivenda como en tempos anteriores á anterior lexislatura."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 34343**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona María Teresa Táboas Veleiro, sobre **"a repercusión na comarca do Deza da eliminación das unidades móbiles do programa de prevención do cancro de mama"**, (publicada no BOPG núm.: 240, do 28 de maio do 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Non está previsto no proxecto de dotación de unidades fixas nos hospitais comarcais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Calvo García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



SB/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 34990**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"a discriminación do ensino público da comarca de Ferrolterra na selección de centros para participar no proxecto Abalar"**, (publicada no BOPG núm.: 245, do 4 de xuño de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 31492 e debatida na comisión 4ª do 3 de xuño de 2010 e tamén á pregunta con número 34597 e debatida na sesión plenaria da Cámara galega de data 8 e 9 de xuño. A elas nos remitimos."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.



Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



R. Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 35695**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"a situación do centro de atención e discapacidade Souto de Leixa"**, (publicada no BOPG núm.: 248, do 9 de xuño do 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

"1-Os problemas existentes antes do cambio de Goberno, son: Primeiro houbo que esperar a rematar as obras de separación dos dous centros: pertencente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o da Consellería de Traballo e Benestar; contemplouse un número de prazas inferior aos usuarios pertencentes a esta Consellería actualmente no centro educativo; a división do persoal entre Consellerías e o aumento de gasto que ilo implica.

2-Unha vez se resolvablen tales problemas

3-Aínda non está decidido.

Por certo, hay que engadir que o Centro pertence, na actualidade, á Consellería de Educación."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




XACOBEO 2010
Galicia



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Estrada García
h

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 35997**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e dona Isabel Sánchez Montenegro, sobre **"a data de entrega das vivendas de protección oficial construídas en Xarás, no concello de Ribeira"**, (publicada no BOPG núm.: 250, do 11 de xuño do 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"As dezaioito vivendas adxudicadas en réxime de alugueiro en Xarás (Ribeira) foron entregadas aos adxudicatarios o 21 de xuño de 2010. As tres que se adxudicaron en compravenda entregáranse en canto a entidade financeira aprobe os préstamos hipotecarios.

No tocante ás axudas para aluguer aos adxudicatarios pola demora na entrega destas vivendas, foron suprimidas por resultar evidente que estas insólitas subvencións están fóra de todos os programas de axudas do Instituto Galego da Vivenda e Solo e por considerarse arbitrarias e discriminatorias respecto doutros moitos casos semellantes existentes en Galicia, que non recibiron ao longo dos últimos anos ningún tipo de axuda por ese mesmo motivo."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

[Handwritten signature]

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



SB/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 36393**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"a detección de verteduras contaminantes en Portonovo e as medidas que se van adoptar por ese motivo"**, (publicada no BOPG núm.: 252, do 15 de xuño de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Desde o Plan de Control de Vertidos (PCV) da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de Augas de Galicia, estase a efectuar un control e seguimento exhaustivo de todos os vertidos existentes neste concello, co fin de executar as medidas administrativas posteriores que se consideren necesarias para a súa subsanación.

A día de hoxe soamente existen 2 puntos de vertido inventariados na zona do porto de Portonovo:

- Un aliviadoiro da rede de saneamento municipal do Concello de Sanxenxo.



- A desembocadura dos regos Baltar e Fabaínos, na zona do Club Náutico do porto. Na última analítica realizada neste punto os parámetros analizados atópanse dentro dos límites legais establecidos.

Ambos puntos foron requiridos ao Concello de Sanxenxo e inspeccionados oficialmente desde Augas de Galicia na compañía do técnico municipal.

Na actualidade, dende o PCV, estase a continuar co estudo e inventariado dos puntos de vertido existentes na rede fluvial de todo o Concello de Sanxenxo.

Ata a actualidade incoáronse un total de seis expedientes sancionadores por vertidos nesta zona, cinco deles foron archivados, ben porque non se apreciaron vertidos no momento da inspección ou porque foron adoptadas medidas para a solución do vertido. Nun dos casos quedou demostrada a existencia dun vertido sen autorización por parte dun particular, imponéndose unha sanción de 750 euros.

Para mellorar a calidade das augas desta zona, desde o PCV estanse inventariando os vertidos existentes neste concello, e concretamente da zona do porto, mediante a realización de inspeccións de campo polo persoal integrante deste plan, nas que se identifican os puntos de vertido existentes e as características dos ditos vertidos mediante a realización da correspondente toma de mostra e posterior analítica.

Con posterioridade a este inventario, as actuacións levadas a cabo polo PCV están sendo:

- Emisión dos correspondentes requirimentos ao concello para que corrixa os puntos de vertido da súa competencia, naqueles casos nos que se detecta incumprimento da normativa en materia de vertidos.




- Emisión do resto de requirimentos aos distintos titulares dos vertidos detectados.
- Realización de inspeccións oficiais cos técnicos municipais aos puntos de vertido de titularidade do concello e as industrias con vertidos á ría.
- Incoación dos correspondentes expedientes sancionadores nos casos de incumprimento da lexislación de referencia en materia de vertidos.”



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Calvo García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 36395**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e dona Isabel Sánchez Montenegro, sobre **“as medidas que se van adoptar para garantir a retidada de mamíferos mariños varados no litoral galego”**, (publicada no BOPG núm.: 252, do 15 de xuño do 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia existe un programa chamado ‘Rede de Varamentos de Galicia’, mediante o cal se articula a actuación coordinada no caso de que se produza un varamento ou o avistamento dun cadáver de animal mariño en alta mar. Esta rede está xestionada pola Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA).

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas colabora cos concellos costeiros de Galicia na eliminación do residuo que supón a aparición dun mamífero mariño de medio e gran tamaño tanto nos varamentos, como no caso de que este sexa remolcado a porto.

A mencionada Consellería faise cargo do gasto do traslado e eliminación do cadáver en GESUGA (Gestora de Subproductos de Galicia S.L.) e o concello, no caso de varamentos na praia, pon e costea os medios que sexan



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

necesarios para o transporte do cadáver ata o punto de recollida do camiión."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.



Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Casado García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 37311**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Alfredo Suárez Canal, sobre **“a actuación do Goberno galego en relación coa construción dunha planta de tratamento de refugallos da construción na comarca da Limia”**, (publicada no BOPG núm.: 265, do 21 de xuño do 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“- Conforme dispón o Decreto 80/2000, os proxectos sectoriais teñen por obxecto a regulación detallada e pormenorizada da implantación dunha infraestrutura, dotación ou instalación determinada de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localice, podendo ser promovidos de oficio pola Xunta de Galicia, ben por outras entidades públicas ou particulares, mediante a formulación da correspondente solicitude.

Con data 8 de marzo de 2010, a Excm. Deputación Provincial de Ourense, solicitou ante a Secretaría Xeral de Territorio e Urbanismo a tramitación, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, dunha planta de tratamento de residuos da construción e demolición radicada na comarca da Limia, emitíndose o correspondente informe previo á declaración de supramunicipalidade en sentido favorable.



Tendo en conta o anterior, a Xunta proseguirá as actuacións establecidas no antedito Decreto partindo do seu presuposto e punto de partida, isto é, a propia declaración de supramunicipalidade que se acordou polo Consello de Goberno en sesión celebrada o 1 de xullo de 2010.

- Co proxecto sectorial referenciado achegouse estudo de impacto ambiental elaborado por conta da entidade pública promotora.

- Nestas datas está pendente a determinación da necesidade de sometemento, ou non, do proxecto aos procedementos de avaliación de impacto ambiental e/ou autorización ambiental integrada nos que o antedito estudo de impacto poderá ser analizado polo miúdo establecendo as medidas correctoras e de protección ambiental que sexan precisas.

- Débese ter en conta que, consonte ao establecido na Lei 10/1995 e no Decreto 80/2000, as determinacións que o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal conteña, terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares, prevalecendo sobre as determinacións establecidas no planeamento vixente, segundo o cal, os municipios deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido do proxecto sectorial.

Por outra parte, non se debe esquecer que, as obras públicas definidas detalladamente no proxecto teñen a cualificación de ?marcado carácter territorial? e non están suxeitas a licenza urbanística nin a ningún dos actos de control preventivo, e que, as construcións e instalacións previstas de modo detallado e concreto non precisan de autorización autonómica.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección: Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Excm.a. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727